

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia e no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo C2).*

De conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2022 (DOG núm. 245, do 27 de decembro), modificada polas resolucións do 20 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro) e do 6 febreiro de 2023 (DOG núm. 26, do 7 de febreiro), esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Aprobar as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia e no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo C2) dos seguintes corpos/escalas:

Corpo/escalas
Corpo auxiliar
I. Corpo auxiliar da Administración xeral
II. Escala de persoal de servizos xerais (PSX)
Corpo de auxiliares de carácter técnico
III. Escala de auxiliares de clínica
IV. Escala de xerocultor/a
V. Escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais: – Especialidade de bombeiro/a forestal



Corpo/escalas
VI. Escala auxiliar de coidadores
VII. Escala auxiliar de cociña
VIII. Escala auxiliar de mantemento
IX. Escala auxiliar de laboratorio
X. Escala auxiliar de recursos naturais e forestais: – Especialidade de oficial
XI. Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos: – Especialidade de arquivos e bibliotecas

As persoas aspirantes poderán consultar o estado das solicitudes de inscrición presentadas e a situación como admitidas ou excluídas en [fides.xunta.gal](https://fides.xunta.gal)

A listaxe completa de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da causa determinante da súa exclusión, poderase consultar no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](https://funcionpublica.xunta.gal)

Así mesmo e segundo a base I.4 das que rexen o proceso selectivo, nesta listaxe figuran as persoas aspirantes que teñen pendente de acreditar que están en posesión do Celga requirido.

As persoas aspirantes excluídas, as que non figuren en ningunha das listaxes, así como aquelas persoas que non acreditaron estar en posesión do Celga requirido, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou acreditar que posuían antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Para isto deberá acceder a [fides.xunta.gal](https://fides.xunta.gal), realizar as alegacións que considere oportunas e achegar a documentación acreditativa. Só se admitirán as alegacións que se realicen por medio desta aplicación informática.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo, así como a posesión do Celga requirido. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos re-



quisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas. As persoas aspirantes que non acrediten a posesión do Celga 3 terán que realizar a proba de coñecemento da lingua galega.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2023

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

CVE-DOG: lbfej3-zfm4-xoz2-2ev5-p73zw7j9tlz5

